

En coordinación con UNICEF

**EROSKI BOTA A ANDAR UNHA CAMPAÑA PARA
RECADAR FONDOS PARA OS DAMNIFICADOS POLO
TSUNAMI DE INDONESIA**

- **Apela á solidariedade dos seus clientes a través dunha doazón voluntaria ao seu paso pola liña de caixas**
- **Os fondos recadados irán destinados a proporcionar auga potable e saneamento para previr epidemias e facilitarase atención sanitaria e nutrición axeitadas**
- **EROSKI sumaralle unha achega adicional á recadación**

Elorrio, 5 de outubro do 2018.- [EROSKI](#), en coordinación con [UNICEF](#), pon en marcha en todos os seus supermercados e hipermercados unha campaña para recadar fondos a prol da poboación damnificada polo tsunami en Indonesia. Nos seus establecementos os clientes poderán realizar un donativo voluntario para axudar a cubrir as necesidades básicas da poboación afectada por esta catástrofe, que precisa axuda urxente.

O pasado 28 de setembro un devastador tsunami golpeou a illa de Célebes en Indonesia. Aínda se descoñece a magnitude global dos danos, pero actualmente hai milleiros de persoas desaparecidas e ata o momento contabilizáronse 1.400 vítimas mortais. As primeiras horas son cruciais para atender as familias que o precisan. Os superviventes enfróntanse á fame e á sede, xa que os víveres e a auga potable escasean; asemade, os hospitais están desbordados polo gran número de feridos.

As tendas EROSKI exhiben desde hoxe carteis da campaña que apelan á solidariedade dos consumidores para que realicen unha doazón voluntaria ao seu paso pola liña de caixas. *"Desde EROSKI tratamos de responder con celeridade ante casos de emerxencia humanitaria, como é o actual caso do devastador tsunami en Indonesia, porque a atención inmediata é prioritaria. Novamente apelamos á solidariedade dos consumidores que deseguro unha vez máis se implicarán ante esta catástrofe"*, declarou Alejandro Martínez Berriochoa, director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI. A cooperativa sumaralle unha achega adicional á recadación.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Nota de prensa

Os fondos recadados canalizaranse a través de UNICEF, que está a traballar sobre o terreo con misións específicas en apoio á poboación damnificada por esta traxedia. A prioridade nestes momentos é actuar o máis axiña posible para atender as necesidades urxentes. O recadado irá destinado a proporcionar auga potable e saneamento para previr epidemias e facilitarase atención sanitaria e nutrición axeitadas.

En UNICEF Indonesia están a traballar contra o reloxo e a axuda de toda a sociedade é fundamental para que á infancia afectada non lle falte o básico nun momento tan duro. *"UNICEF Indonesia está a facer todo o que pode para responder aos nenos, nenas e familias afectados en Palu, Donggala e outras áreas afectadas de Sulawesi. Aínda así, as necesidades seguen a aumentar e a situación segue a ser de urxencia. Moitos nenos e nenas perderon os seus seres queridos e todo o que lles resulta familiar, e precisarán recuperar certa sensación de normalidade o antes posible. Estamos a traballar coas autoridades para lles proporcionar alimento aos bebés e nenos pequenos, distribuír auga potable a través de unidades móbiles de tratamento de auga, axudar os nenos e nenas a se recuperaren, e reunificar coas súas familias os nenos e nenas separados e non acompañados"*, relatou a representante interina de UNICEF Indonesia, Amanda Bissex.

Colaborando dende hai máis de 15 anos

EROSKI colabora con UNICEF dende hai 15 anos en diferentes labores humanitarios. Xa o fixo no 2016 cando o furacán Matthew devastou Haití e causou a peor crise humanitaria no país dende o terremoto do 2010. A través daquela campaña solidaria de EROSKI recadáronse máis de 75.000 euros a través das contribucións de decenas de milleiros dos seus clientes.

EROSKI e Fundación EROSKI, xunto aos seus clientes, realizaron doazóns que superan o medio millón de euros durante as últimas campañas solidarias activadas para causas humanitarias en destinos como Haití (2016 e 2010), Lorca-Murcia (2011), Filipinas (2013), Nepal (2015) e Siria (2015).

Dende os seus comezos, EROSKI leva a cabo múltiples iniciativas de acción social, principalmente relacionadas coa promoción dos hábitos de vida saudables, a formación ao consumidor, a defensa do medio natural e a solidariedade.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)